

SEMINARIO

“Arte, reliquias e fortalezas: a catedral medieval de Ourense (1157-1248)”



DOCENTE: Diego Fernández Núñez

DATAS: 21, 28 de outubro e 11 de novembro 2024

HORARIO: 10:00 a 12:00 horas

LUGAR: Centro Cultural Lustres Rivas

Prezo da matrícula: 00,00 € (alumnado IV Ciclo Ribeira)
00,00 € (alumnado externo Ribeira) +20,69 € (seguro de accidentes)

Por rigorosa orde ata completar o nº de prazas.

Nº Prazas: 25

UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓNS AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.

Prazo de matrícula: dende o 2 de setembro

A preinscripción realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14157>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

A Catedral de Ourense nace e florece entre os séculos XII e XIII e chega a converterse nun proxecto dunhas moi amplas dimensións e ambicións, que sobresaie no panorama do románico galego e peninsular do seu momento.

A grandeza e alcance da empresa levada a cabo entre os anos 1157 e 1248 sitúa á sé ourensá no rico e vital panorama da arte destes anos. Ademais das relacións con Santiago de

Compostela e os obradoiros do Mestre Mateo, Ourense involucra e atrae a talleres e artistas doutras localizacións, tanto peninsulares como de máis alá do Pireneos.

Ademais disto, a Catedral ourensá e o seu bispado, como señores da vila, son capaces de desenvolver auténticas estratexias políticas e publicitarias a través da arte e de obxectos de devoción como as reliquias. Neste sentido, a Catedral de San Martiño participa como suxeito activo nos acontecementos e conflitos da plena e baixa Idade Media.

OBXECTIVOS

- Presentar a catedral medieval de Ourense no seu marco histórico (1157-1248) e situala no Ourense e a Galicia dese momento
- Acadar unha comprensión sobre a importancia e influencia que a Catedral de Ourense tivo na conformación da vida, sociedade e urbanismo do núcleo medieval ourensá
- Aproximarse á visualización da catedral medieval a través das súas partes conservadas, como algo que xa non existe de forma completa. Entender como se mesturan as diferentes fases históricas dunha edificación destas características
- Acadar un bo entendemento das distintas fases construtivas que experimentou o edificio no período 1157-1248
- A partir de exemplos como o Pórtico do Paraíso, comprender a forma en que a arte e escultura románica ourensá e galega, malia unha aparente fidelidade férrea ao Mestre Mateo e Compostela, estivo aberta a outras correntes e influencias estilísticas
- Comprender a realidade de moitas catedrais e templos deste momento como auténticos edificios-relicario: a importancia das reliquias para o éxito político e devocional da igrexa
- Comprender a función das principais imaxes escultóricas do templo e o significado iconográfico de conxunto, como programa en pedra, que teñen

CONTIDOS BÁSICOS

Sesión 1 : Arte e historia da Catedral de Ourense

- Evolución histórico-artística do templo durante o proxecto medieval orixinal (1157-1248)
- Ourense na encrucillada: unha catedral entre o románico e o gótico
- Copias e orixinalidades do Pórtico do Paraíso con respecto ao Pórtico da Gloria: relacións entre modelo e copia na arte medieval

Sesión 2: As reliquias

- As reliquias da Catedral de Ourense e a súa importancia política e devocional
- Furta Sacra: os roubos de reliquias durante a Idade Media
- O templo-relicario e as súas imaxes: temas e programas iconográficos da Catedral de Ourense

Sesión 3: A Catedral e a cidade

- Señores e bispos. Centro de culto e de poder: a importancia da Catedral na conformación e organización do núcleo medieval de Ourense
- A reimaxinación da Catedral en tempos recentes: as obras de restauración de Francisco Pons- Sorolla e os proxectos de repriminación da imaxe exterior do templo durante o século XX
- La catedral y el niño, a catedral e a xente: A Catedral de Ourense dende os ollos de ourensáns e visitantes ao longo da historia

METODOLOXÍA:

O seminario organizarase en tres sesións maxistras de dúas horas cada unha. As explicacións acompañaranse dun amplo material fotográfico das partes máis coñecidas e as menos visibles e máis agochadas do templo —como é o caso das esculturas dos seus tellados—.

Malia ser a Catedral de Ourense o obxectivo principal das explicacións, verase e explicarase do mesmo modo a cidade dos séculos XII e XIII a través dos edificios e espazos máis ligados á historia do templo e dos bispos medievais: é o caso do antigo Pazo Bispal ou a igrexa de Santa María Nai.

Na derradeira sesión consultarase ao alumnado sobre a posibilidade de facer unha saída de estudos para ver en persoa a Catedral de Ourense e os edificios antes mencionados. Isto como posíbel ampliación práctica do contido do seminario. No caso de levarse a cabo, os gastos correrían a cargo do alumnado.

BIBLIOGRAFÍA:

CARRERO SANTAMARÍA, EDUARDO. Las catedrales de Galicia durante la Edad Media. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2005.

CASTRO FERNÁNDEZ, BELÉN MARÍA. O redescubrimiento do Camiño de Santiago por Francisco Pons-Sorolla.

Santiago de Compostela: S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, 2010.

MORALEJO ÁLVAREZ, SERAFÍN. Iconografía Gallega de David y Salomón. Santiago de Compostela, 2004.

PITA ANDRADE, JOSÉ MANUEL. La construcción de la Catedral de Orense. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, 1954.

PITA ANDRADE, JOSÉ MANUEL. “La Catedral de Ourense en la encrucijada del arte protogótico (1988)”. En Textos inéditos y dispersos del profesor Pita Andrade in memoriam, 389-406. Madrid: Fundación Universitaria Española, 2010.

SÁNCHEZ AMEIJERAS, ROCÍO. “La escultura románica en la catedral de Ourense: de la creatividad experimental a la interpretación anacrónica”. En Ourense. Enciclopedia del Románico en Galicia, dirigido por

José María Pérez González y coordinado por José Carlos Valle Pérez, 603-611. Aguilar de Campoo: Fundación Santa María la Real, Centro de Estudios del Románico.